

ORGULLO E PROTECCIÓN

PROFESORA

Os estudos sobre intelixencia artificial demostraron que o enxeño é unha actividade demasiado complexa para os ordenadores. Dicar un chiste, por exemplo, é moi humano. Pero sabemos como ten que funcionar a intelixencia para que sexan posibles as enxeñosidades?

UXÍA

As ideas e teimas dos nosos antergos coláronse sen decatarnos e habítannos, coma unha herdanza. Recibimos a xenética sen chistar. Isto xa é un chiste.

PROFESORA

Un investigador excesivo, Merrit Ruhlen, chegou a aventurar que a primeira palabra soou hai máis de cen mil anos e foi TIK, que quere dicir “dedo”. Con todo, non somos só animais etimolóxicos. Todos podedes levantar o dedo e dar a vosa resposta.

XANDRO

Eu seina, pero non a lembro. Ten que ver coa historia? Teñen inconsciente as palabras?

ANTÍA

Para min que a historia é pudorosa, coma Xandro e a miña cadela que quixo parir aos seus cachorros na escuridade, e non ten memoria de quen inventou a preposición, o subxuntivo ou a voz pasiva.

ANA

Xa o teño! A clave está na nosa man. Tacit knowledge. Coñecemento tácito. Saber oculto.

HENRIQUE

E iso que é? Menos misterios, lista! Sabe alguén as palabras que sabe?

UXÍA

Eu creo que posuímos un capital lingüístico que non podemos calcular. Son avarenta, quero contar e recontar o noso tesouro. (RI)

HENRIQUE

Cal é a raíz de todas as linguas do planeta, Maruxa?

PROFESORA

Se accederamos a esa matriz universal, accederíamos ao mesmo tempo ao universal inconsciente lingüístico do que toda a humanidade participa.

UXÍA

A miña lingua materna é o Galego e podo comunicarme con toda a lusofonía, máis de 600.000.000 de falantes. A outra lingua oficial é o Castelán e podo entenderme con todo o mundo hispano. Cantos máis idiomas mellor! Sumar e multiplicar. Non restar nin dividir. Sinto orgullo de ter idioma propio e necesidade de maior protección.

Ánxeles Cuña
Dramaturga

DO GALEGO